

O Obradoiro de Emprego acondiciona varios espazos naturais de Boqueixón

O Obradoiro de Emprego Boqueixón, O Pino, Touro e Vedra xa está a realizar distintos traballos no territorio. Unha das actuacións máis destacadas no municipio boqueixonés foi o acondicionamento do sendeiro que leva á emblemática ferverza do río Pontillón. “Con estes traballos, contribúese a mellorar a accesibilidade a un enclave natural de referencia dentro de Boqueixón, favorecendo, deste xeito, a afluencia de visitantes”, explica o alcalde, Manuel Fernández Munín.

Outras das actuacións que foron levadas a cabo polas 20 persoas participantes neste obradoiro de emprego impulsado pola Xunta e os catro Concellos participantes comprenderon a poda e desbroce na contorna da Escola Unitaria e no Campo da festa de Codeso. Ademais, realizáronse tarefas de acondicionamento

na área recreativa de Orto. Proximamente, desenvólvanse os labores de podas e melloras na vexetación do Pico Sacro e diversos desbroces nos camiños de Noente-Ledesma, Pazos-Lestedo, Castro-Oural, Santaia-Codeso e Santaia-Vigo.

Segundo explicou a directora do Obradoiro de Emprego, Fátima Gómez, “as actuacións nos distintos municipios combínanse coas sesións teóricas. Nestes primeiros meses estanse a levar a cabo desbroces e podas para despois proceder á distintas accións de repoboación forestal”.

O Obradoiro de Emprego conta cun total de 20 persoas participantes -5 por Concello-, que cursan as especialidades de Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes e Repoboacións forestais e tratamentos silvícolas. A iniciativa finalizará en setembro.



As primeiras actuacións leváronse a cabo na contorna da ferverza de Pontillón

A Xunta desenvolve o programa de bonos Activa Comercio

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación ten aberto o prazo de adhesión ao seu Programa de dinamización e incentivación do consumo nos comercios retalistas de Galicia a través dos bonos

Activa Comercio. Esta iniciativa pretende dinamizar o comercio da comunidade autónoma.

As empresas interesadas teñen ata o 15 de maio para formalizar a súa solicitude de adhesión. A través do portal web [https://](https://www.bonosactivacomercio.gal/)

www.bonosactivacomercio.gal/ ofrécense máis detalles sobre esta cuestión.

Pola súa banda, a clientela poderá iniciar a descarga dos bonos desconto correspondentes a partir do 3 de maio, data na que tamén se poderá

consultar a listaxe de comercios adheridos. Poderanse obter descontos de 5 euros en compras iguais ou superiores a 30 € e inferiores a 50 euros, e unha redución de 10 euros en facturas iguais ou superiores a 50 euros.

O Concello inicia as tarefas de roza nas pistas municipais

O Concello de Boqueixón vén de iniciar unha nova campaña de roza nas pistas das distintas parroquias. Trátase dunha medida para reforzar a prevención de incendios de cara á época estival.

Así, o persoal municipal está xa a traballar na roza de cunetas das pistas e camiños do territorio boqueixonés.



Traballos de roza nas pistas locais

Comezan os traballos para a futura depuradora de Sergude

A construción da nova Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) de Sergude xa está en marcha. A empresa Vázquez y Reino, SL, adxudicataria do proxecto, comezou os traballos desta infraestrutura a finais de marzo, que ten un prazo de execución de 12 meses.

“Con esta nova EDAR poderemos dar servizo para ata 3.000 habitantes, o que suporá triplicar a actual capacidade da depuradora de Sergude”, explica o alcalde boqueixonés, Manuel Fernández Munín. O rexedor lembra que esta infraestrutura é posible grazas a un convenio de colaboración entre o organismo autónomo Augas de Galicia e o Concello de Boqueixón, chegando a un investimento próximo aos 1,7



O rexedor visitou as obras que se están a acometer para a EDAR de Sergude

millóns de euros. A actuación conta tamén co cofinanciamento do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) Galicia 2014-2020.

Esta EDAR mellorará as infraestruturas de saneamento dos núcleos de Sergude e Lestedo,

unificando, deste xeito, o tratamento das súas augas e mellorando os seus servizos básicos. A nova depuradora estará localizada a carón da actual, nuns terreos cedidos polo Concello de Boqueixón. A futura infraestrutura incluírá os seguintes procesos: liña de auga, liña de fangos e redes auxiliares de proceso.

A APLU asume competencias urbanísticas en Boqueixón

O Concello de Boqueixón formalizou na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda o convenio para que a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU) asuma as competencias en materia de inspección, sanción e restablecemento da legalidade de distinto tipo de expedientes urbanísticos.

“Este convenio permiti-

rá ampliar os servizos de xestión urbanística para a veciñanza. Neste caso, o acordo coa APLU ofrecerá unha maior seguridade xurídica en todos aqueles expedientes relativos ao solo rústico ou non urbanizable, solo urbanizable ou apto para urbanizar e núcleos rurais”, explica Manuel Fernández Munín, alcalde do Concello de Boqueixón.



Sinatura do convenio entre a Xunta e os Concellos de Boqueixón e Cenlle

Guía práctica sobre compostaxe caseira e recollida selectiva para mellorar o medio

O Concello de Boqueixón continúa coa primeira fase do seu programa de compostaxe caseira. As persoas interesadas teñen ata o 15 de maio para solicitar un dos 900 composteiros que se porán á disposición da veciñanza co fin de fomentar esta práctica que procura a redución de residuos orgánicos no municipio.

Para conseguir un, só hai que remitir un correo electrónico ao enderezo compostaxe@boqueixon.com. Unha vez finalice o prazo, procederase a chamar ás persoas solicitantes para realizar a entrega de cadanseu composteiro e ofrecerase formación específica sobre a compostaxe caseira.

Por outra banda, lémbra-se á cidadanía a importancia de realizar axeitadamente a recollida selectiva, depositando os refugалlos nos colectores correspondentes. Para clarear posibles dúbidas, o Concello vén de distribuír dípticos informativos nos que se especifican aqueles materiais que se deben depositar nos distintos colectores, e que se resumen no gráfico anexo.



 Concello de Boqueixón

Reduce, recicla e reutiliza




Compostaxe doméstica

Con este proceso, pódense converter os materiais orgánicos xerados no fogar -restos de comida ou podas- obtendo compost. Utilízase como abono para as hortas e xardíns, ao tempo que se reducen os residuos orgánicos.

Recollida selectiva

Todos aqueles materiais de refugallo que non se poidan reutilizar, deberanse depositar nos colectores axeitados para proceder á súa reciclaxe. Con esta sinxela tarefa de separación, contribúese a mellorar o medio.



Colector amarelo *(latas, bricks e envases de plástico)*

Botellas de plástico de líquidos; botes de plástico de produtos de aseo ou limpeza; botes de cosméticos, tubos de dentífrico; bandexas de aluminio, porexpán ou cortiza branca; redes de envoltorios de froitas; plásticos film ou envoltorios de aluminio; bolsas de plástico de comercios; envases de plástico de manteiga, oigur ou aperitivos; latas de conservas, bebidas e refrescos; bricks de leite, batidos, viño e zumes, e envases de plástico que leven o punto verde.



Colector azul *(papel e cartón)*

Xornais e revistas; papel de envolver o embalar; libros; follas de apuntes; cadernos sen argolas, sen grampas e sen arames; cartóns de ovos; caixas de cartón (de galletas, cereais, zapatos...); envases de papel (de arroz, fariña, azucre...), acolchado de embalaxes de papel ou cartón.



Iglú verde *(vidro)*

Botellas de vidro de calquera cor; tarros de vidro; frascos de conservas; tarros de cosmética de perfumería.



Colector verde *(xenérico)*

Cueiros e compresas; bastoncillos de algodón; toallíñas refugables; papel de aluminio sucio; perchas de plástico; louza rota; coiro; bolígrafos; papeis e cartóns manchados, incluídos panos de papel usados; pequenos obxectos plásticos, metálicos ou de madeira de uso na casa que non sexan envases; envases de cerámica; espellos e cristais de fiestras; disquetes, CD, cintas de vídeo, son; xoguets de plástico, e lámpadas incandescentes.

O Inega promove subvencións a través do Bono Enerxía Peme

A Axencia Instituto Enerxético de Galicia (Inega) vén de poñer en marcha unha liña de subvencións para proxectos de mellora enerxética, dirixido a persoas autónomas e pemes con actividade de comercio, hostalaría ou artístico-recreativas. O Programa

Bono Enerxía Peme pretende axudar a pemes e negocios de persoas autónomas a acadar un aforro na factura enerxética.

As devanditas axudas pódense destinar, por exemplo, á mellora da envolvente a través de toldos ou láminas de control solar

ou térmico; á renovación dos equipos de iluminación interior ou exterior; á mellora das instalacións eléctricas; á renovación do equipamento consumidor de enerxía como cafeteiras, lavalouzas, lavadoras ou secadoras. Tamén se poden subvencionar ac-

cións de renovación ou mellora de equipos para a redución do consumo enerxético.

As solicitudes deberanse formalizar a través da sede electrónica da Xunta ou na páxina do Inega. O prazo finaliza o vindeiro 30 de xuño.

Novos vales para xardineiras apadriñadas e amadriñadas

O Concello de Boqueixón iniciará no presente mes de maio unha nova edición da súa campaña de entrega de vales para padriños e madriñas das xardineiras do municipio. Esta iniciativa, que xa leva un lustro en marcha, ten como principal obxectivo “acadar beneficios socioambientais, alongar a vida das plantas nas xardineiras, buscar a harmonización e recuperación da contorna rural e, sobre todo, realizar unha achega persoal e artística da veciñanza ao espazo público”.

As persoas participantes neste programa municipal recibirán os seus correspondentes vales por correo postal. Deberán proceder ao seu canxeo antes do vindeiro 1 de setembro. As posibilidades que se ofertan son as seguintes:

- Opción A: 10 plantas (petunia, begonia, tajete ou clavelina).
- Opción B: 5 plantas (surfinia, verbena, xeranio ou guineana).



O obxectivo deste programa é contribuír ao embelecemento das rúas

Os devanditos vales poderanse canxear en calquera dos seguintes viveiros do municipio: Isaac Fernández Prieto (Rodiño-Sergude); Viveiros Compostela SAT (A Corna-Pousada); María Josefa Sánchez Pernas (Lamas), e Xardín Compostela, SL (Lestedo).

Dende o Concello de Boqueixón lembran que, dada a situación sanitaria actual derivada da COVID-19, “é imprescindible no momento do canxeo ver a dispoñibilidade do produto ou ver posibilidade de substitución por produtos de condicións semellantes”.

A Escola Infantil Municipal dispón de prazas libres para o vindeiro curso

Tras terse realizado o proceso de formalización de matrículas, a Escola Infantil Municipal (EIM) Raíña Lupa de Boqueixón vén de informar de que aínda hai 15 prazas libres para o vindeiro curso. A maioría das devanditas prazas concéntranse no primeiro curso -o do grupo de 0 a 1 anos-.

As persoas interesadas en formalizar a súa solicitude deberán facelo a través do rexistro do Concello (previa cita) ou na sede electrónica. Deberase achegar a documentación correspondente e que se pode consultar na propia web municipal.

Dende o centro educativo indican que as novas solicitudes recibidas serán baremadas no vindeiro mes de agosto. A EIM Raíña Lupa de Boqueixón dispón dun total de 53 prazas divididas en 4 aulas. O persoal está composto por unha directora, 4 educadoras e persoal de apoio e limpeza.

Liña de axudas para a hostalería e axencias de viaxes

A Deputación da Coruña vén de poñer en marcha unha liña de axudas pensadas especificamente para apoiar á hostalería e ás axencias de viaxes, fortemente castigadas pola crise sanitaria derivada da COVID-19. De acordo coas bases publicadas no BOP do 9 de abril, esta liña de axudas está dirixida a

persoas físicas ou xurídicas que antes do 1 de xaneiro de 2021 tivesen o seu domicilio fiscal nun concello da provincia con menos de 50.000 habitantes.

As persoas solicitantes deberán estar dadas de alta nalgún(s) dos epígrafes do IAE das Agrupacións 67 (bares e restaurantes), 68 (hospedaxe), 755 (axen-

cias de viaxe) e epígrafe 969.1 (salas de festa e discotecas); ou estar dado/a de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social, no caso de persoas físicas.

A contía a recibir será de 1.500 € por persoa benefi-

ciaria. O prazo de presentación de solicitudes dará comezo o 3 maio ás 08.00 horas, ata esgotar a partida para esta fin.

Non poderán ser solicitantes aquelas persoas traballadoras autónomas ou microempresas, que teñan sido xa beneficiarias das axudas procedentes do plan PEL-Reactiva.

O programa CoidarNos cumpre 5 anos

Un programa novidoso que serve para poñer no foco ás persoas coidadoras de familiares en situación de dependencia. *CoidarNos* cumprirá este mes un lustro de andaina cunha celebración moi especial.

Esta terá lugar o 24 de maio, data da vindeira sesión grupal. As coordinadoras do programa, Ana Anta (Traballadora Social) e Yolanda Neira (Psicóloga) teñen prevista unha sesión especial. “Nela, ademais de celebrar o aniversario, tamén aproveitaremos para poñer en valor ás persoas coidadoras en xeral e ás que participan neste programa en particular”, explican dende a organización.

CoidarNos naceu como unha rede de apoio formal. A través da intervención grupal búscase paliar os síntomas da *Síndrome da Persoa Coidadora*. Este vén caracterizado por un estado de esgotamento mental e físico que afecta a aquelas persoas que exercen o rol de coidadoras de xeito continuado.

Dende a súa posta en marcha, o 25 de maio de 2016, *CoidarNos* contou coa participación dun total de 19 persoas. Dende a coordinación desta proposta, salientan que “a existencia deste grupo permítelles ás persoas participantes superar os obstáculos que se van atopando diariamente a través das súas potencialidades e capacidades e do seu apoderamento progresivo, desenvolvendo os seus propios recursos grazas ao impulso e á forza da interrelación grupal”.

Na actualidade, este programa conta cun grupo de 9 persoas cunha longa traxectoria de asistencia e



Unha das actividades desenvolvidas polo programa CoidarNos, promovido polo Concello de Boqueixón



O proxecto, que conta actualmente con nove persoas usuarias, ofrece diversos tipos de propostas

Diversos recoñecementos obtidos

O programa *CoidarNos* acadou varios logros que confirman e avalan o seu valor. No 2017, o proxecto foi seleccionado para a súa presentación na IV Conferencia Nacional del Paciente Activo, en Oviedo. Xa no 2019, recibiu o Premio do Día Mundial do Traballo Social na modalidade de *Boas Prácticas* (Colexio de Traballo Social de Galicia), cuxo artigo foi publicado

na Revista *Fervenzas* do COTSG no 2020.

Ademais, o programa foi presentado nas aulas do 3º curso do Grao en Traballo Social da Escola Universitaria de Traballo Social da USC. A seguinte presentación terá lugar o 3 de xuño de 2021 no Ciclo de experiencias compartidas *Falamos* que organiza o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG).

participación que favoreceu a súa consolidación e peche cara novas incorporacións. “É por iso que un dos obxectivos para este 2021 é poñer en marcha un segundo grupo que dea cabida a todas as persoas coidadoras interesadas en comezar a beneficiarse das vantaxes de formar parte dun grupo de apoio”, concretan dende a coordinación desta iniciativa.

As persoas interesadas en sumarse a esta proposta, poden solicitar máis información no 981 513 106.

O Concello organiza unha nova edición do programa de conciliación Verán Activo

O Concello de Boqueixón está a organizar unha nova edición do Verán Activo. Este programa lúdico-educativo para facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral conforma unha alternativa de lecer para crianzas de entre 3 e 12 anos en períodos vacacionais de verán.

Ao igual que o ano pasado, as actividades desenvolveranse de acordo aos protocolos en materia de medidas de seguridade e prevención contra a expansión da COVID-19. As propostas desenvolveranse de luns a venres, en horario de mañá, nas instalacións municipais do Forte e do CPIP Antonio Orza Couto.

As bases publicaranse o 7 de maio, data na que comezará o prazo de inscrición a este programa, que finalizará o 21 de maio. Dende o Concello poranse a disposición das familias soli-



citantes máis bonificacións nos prezos das actividades deste programa.

No caso de querer acceder a elas, deberase presentar a declaración da renda correspondente ao

ano 2020. Por iso, cómpre ter este trámite completado no tempo da formalización das peticións.

As bases do programa de conciliación Verán Activo serán publicadas na web

municipal. Así mesmo, tamén se poderá descargar o documento de solicitude correspondente que se deberá presentar ben no rexistro do Concello, ben pola sede electrónica.

Regresan os campamentos estivais para a mocidade

A Concellaría de Xuventude do Concello de Boqueixón porá en marcha o programa de Campamentos de Verán 2021. Están dirixidos á mocidade nada entre 2012 e 2005, dividíndose grupos de acordo cos protocolos de seguridade e prevención contra a COVID-19. Estas propostas celebraranse entre os días 23 e 30 de xuño.

As preinscricións deberán realizarse do 7 ao 21 de maio, enviando a ficha de solicitude correspon-

dente ao enderezo omix@boqueixon.com. Unha vez publicada a listaxe de admitidos/as, procederase á apertura do prazo de matrícula, que se estenderá entre o 1 e o 8 de xuño.

Co fin de axudar ás familias, ofreceranse máis bonificacións nos prezos deste servizo. Para solicitálas, deberase presentar a declaración da renda do 2020.

O Concello de Boqueixón resérvase o dereito a realizar calquera modificación, de ser o caso.



Anacos do noso

Medio século de tradición coas carrozas de San Cidre en Oural

"As carrozas de San Cidre forman xa parte da nosa identidade, da esencia da parroquia de Oural. Dá moita alegría velas pasar... Incluso moita xente que non ten pensado ir á festa, sae á porta e emociónase vendo como se segue a manter esta tradición". Juan Neira ten na súa memoria aqueles anos da infancia nos que botaba a andar a Festa do San Cidre.

Cada sábado despois do 15 de maio, dende hai medio século, as aldeas de Oural amosaban a súa creatividade á hora de crear as vistosas carrozas que, hoxendía, son todo un símbolo desta parroquia boqueixanesa.

Segundo se detalla no libro 'As Carrozas de San Cidre', elaborado pola Asociación Xuvenil Raíña Lupa, as orixes desta celebración hai que buscalas a principios dos anos 70. Nun curso de ensinanza familiar impartido á veciñanza por dirixentes da Sección Feminina da Falanxe xurdiu a idea de 'trasladar' a celebración que tiña lugar na terra dunha das profesoras -era dun municipio de Castela- suxeriu realizar unha celebración propia na honra do San Cidre, patrón das persoas labregas. Adaptando os costumes casteláns -nos que se ofrecían os primeiros froitos do ano ao santo-, a veciñanza animouse a recrear en carrozas distintos aspectos e oficios tradicionais relacionados co rural.

"Os primeiros anos utilizáronse carros tirados por bois e neles podíanse ver, por exemplo, elementos da



A veciñanza da parroquia de Oural leva xa medio século celebrando esta particular tradición das carrozas do San Cidre



Unha das creacións participantes nunha das últimas edicións desta festa

mallá, espigas ou, incluso, un tear tradicional", explica Juan Neira. Porén, o que máis lembra este veciño de Oural é "que os días previos á festa era un rebulir de xente... Había moito traballo. Á veciñanza das aldeas xuntábase nunha casa para traballar arreo na confección da

carroza para tela preparada para o gran día".

Os medios eran escasos, mais o ánimo e as ganas de facer algo diferente sobran. Así, pasaban entre dous e tres días de intensa actividade para despois lucir as súas carrozas no Campo da festa procurando acadar

o primeiro premio. Cando unha aldea gañaba, a súa veciñanza pasaba todo o ano fachendeando do logro acadado. Neira lembra que "era unha competición sá entre as distintas aldeas. Incluso houbo un ano de piques con pólvora entre as aldeas de Camporrapado e Lubián! Pasabámolo moi ben... Ao final iso era o importante: xuntarnos e facer algo entre todas e todos para despois gozar dunha xornada de encontros, música e diversión".

Co paso dos anos a celebración foise adaptando aos novos tempos, mais non por iso perdeu a súa esencia. "Agora somos menos na parroquia, pero agardo que esta tradición non caia no esquecemento logo de dous anos sen poder celebrarse por mor da situación sanitaria", conclúe Juan Neira, quen anima ás novas xeracións a seguir mantendo viva esta festa.

Unha viaxe polo cancionero galego da man da Biblioteca

A Biblioteca Municipal de Boqueixón ofreceu unha actividade de animación á lectura do máis especial con motivo da conmemoración do Día do Libro. Aproveitando as súas renovadas e máis amplas instalacións acolleu a proposta Bibliocanta, que achegou o cancionero tradicional galego ás 15 crianzas de entre 3 e 9 anos asistentes a esta cita.

A sesión comezou cunha breve presentación entre as crianzas participantes e o persoal coordinador da actividade. A continuación, representáronse contos nos que as cativas e cativos foron identificando os distintos animais (dende cans e gatos ata elefantes) protagonistas dos relatos.

Xa na última parte desta actividade de animación á lectura, os nenos e nenas adentráronse nunha divertida viaxe polo cancionero tradicional galego. Os xogos foron os perfectos



Intre da actividade de animación á lectura celebrada na Biblioteca Municipal

aliados para completar este percorrido que procura seguir mantendo a tradición oral entre as novas xeracións.

Durante as dúas horas que se estendeu esta proposta lúdico-educativa, as crianzas tamén tiveron a oportunidade de descubrir os libros que teñen á súa disposición na Biblioteca Municipal. De feito, habili-

touse unha zona específica para a cativada.

Dende a Biblioteca Municipal lembran a toda a veciñanza que as súas renovadas instalacións están localizadas na planta baixa da Casa do Concello. O horario de apertura é de luns a venres entre as 09.00 e as 13.00 horas, e os luns e xoves tamén por la tarde, de 15.30 a 18.00 horas.

Ledesma acollerá o Festival do Día das Letras Galegas o 16 de maio

As Ínsuas de Gres, en Ponte Ledesma, acollerán o domingo 16 de maio unha xornada para conmemorar o Día das Letras Galegas. As propostas darán comezo ás 12.00 horas. A asistencia é de balde, previa inscrición no Departamento de Cultura (cultura@boqueixon.com ou 981 513 115) antes do 14 de maio. Recoméndase a chegada ás 11.45 horas para organizar os espazos e cumprir os protocolos anti-Covid.

O programa comezará co espectáculo teatral dirixido a público familiar *A mestra da lingua*, de Duende Sico. Tamén se ofrecerán distintas actividades de animación e promoción da lingua galega.

A xornada finalizará coa entrega de premios do VII Certame de relato curto Xosé Neira Vilas. As persoas asistentes recibirán un libro recompilatorio dos relatos galardoados.

AXENDA DO MES DE MAIO

Mércores
12

Unidade móbil DNI

Casa do Concello
De 09.00 a 12.30 horas
Requerida cita previa no Departamento de Cultura.

Domingo
16

Festival polo Día das Letras Galegas

Ínsuas de Gres (Ledesma)
12.00 horas
De balde - Aforo limitado
Espectáculo teatral *A mestra da lingua*, de Duende Sico para público familiar.

Luns
17

Actividades de animación e promoción da lingua galega. Entrega de premios do VII Certame de relato curto Xosé Neira Vilas. Inscricións ata o 14 de maio no Departamento de Cultura. Se chove, o festival trasladarase á Casa da Cultura de Camporrapado.

Carreira Camiño das Letras

Pico Sacro
10.00 horas

Martes
1

O percorrido pasará por un tramo da Vía da Prata e finalizará na Cidade da Cultura. Máis información e inscricións, en www.carreirasgalegas.com.

e en xuño...

Campamentos verán

Web municipal
Publicación das bases e apertura do prazo de inscrición, ata o día 7 de xuño, para os campamentos de verán.

Máis información e inscricións:

Centralíña: 981 513 061
concello@boqueixon.com

Cultura: 981 513 115
cultura@boqueixon.com

Dto. Local e Turismo: 981 513 061
boqueixonturismo@gmail.com